

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE E A FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA (FEGALOITA) PARA A COLABORACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE EMPODERAMENTO E AUTOCAPACIDADES CON MULLERES VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO

MEMORIA EXPLICATIVA

O Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia creou a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

O Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia establece dentro da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade como un órgano superior e de dirección á Secretaría Xeral da Igualdade.

De conformidade co Decreto 123/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, correspóndelle impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, dispón como obxecto no seu artigo 1 a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren, establecendo ademais no seu artigo 3 apartado d) que a violencia sexual é unha forma máis de violencia de xénero.



A Instrución 7/2016, da Secretaría de Estado de Seguridade, pola que se establece un novo protocolo para a valoración policial do nivel de risco de violencia de xénero (Lei Orgánica 1/2004) e de xestión da seguridade das vítimas, establece no seu anexo II o fomento dos cursos de defensa persoal.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ten entre as súas competencias, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, a eliminación da violencia de xénero.

A Federación Galega de Loita (FEGALOITA) -entidade asociativa sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cun ámbito territorial que comprende a Comunidade Autónoma Galega e integrada polos clubs deportivos, as seccións deportivas, deportistas, técnicos, adestradores, xuíces, árbitros e outros colectivos interesados estatutariamente establecidos- dadas as súas propias competencias, exerce ademais, por delegación, funcións públicas de carácter administrativo, actuando como axente colaborador da Administración Pública.

A dita Federación ten deseñado e desenvolve un proxecto de empoderamento e autocapacidades con mulleres, tamén con vítimas da violencia de xénero, a través de accións de adestramento físico e psíquico así como da formación en técnicas de autoprotección e da creación de protocolos de actuación ante diversas situacións, tanto para a prevención de situacións de violencia como para facer fronte a situacións de conflito.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, de cara a mellorar a atención que se presta ás mulleres vítimas de violencia de xénero e sexual en Galicia, estima conveniente asinar un convenio de colaboración coa Federación Galega de Loita (FEGALOITA), para a colaboración no desenvolvemento de accións en marcadas no proxecto de empoderamento e autocapacidades con mulleres, e tamén con vítimas da violencia de xénero e sexual, a través de accións de adestramento físico e psíquico así como da formación en técnicas de autoprotección e da creación de protocolos de actuación para a prevención de situacións de violencia.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López Abella

